

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2017/2018

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0059	Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles	2017/2018	0	105	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	RUTH MARÍA VIDAL ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Achega datos para a elaboración de plans de emerxencia tendo en conta os seus obxectivos, os seus compoñentes e as súas funcións
RA2 - Elabora mapas de risco, e caracteriza posibles riscos naturais, humanos e tecnolóxicos.
RA3 - Activa un suposto plan de emerxencias tendo en conta as súas características e os seus requisitos.
RA4 - Deseña un dispositivo de riscos previsibles e describe o protocolo de elaboración.
RA5 - Elabora un dispositivo de risco previsible suposto, e describe os seus protocolos de activación e de desactivación.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os termos risco , dano e vulnerabilidade .
CA1.2 Defínense o plan de emerxencias.
CA1.3 Analízanse os obxectivos xerais dun plan de emerxencias.
CA1.4 Realízase o esquema da estrutura xeral dun plan de emerxencias.
CA1.5 Relacionase cada estrutura xerárquica coa súa función establecida.
CA1.6 Defínense as funcións dos órganos directivos, operativos e de apoio.
CA1.7 Concretáronse as características do grupo operativo sanitario e os requisitos na organización do transporte sanitario de persoas feridas.
CA1.8 Descríbense os obxectivos da actualización dun plan de emerxencias.
CA1.9 Establecese o procedemento de revisión e avaliación dun plan de emerxencias.
CA1.10 Fíxanse os indicadores de calidade e os resultados desexables dun plan de emerxencias.
CA2.1 Defínense os índices de risco, de probabilidade e de dano.
CA2.2 Detállanse as consecuencias posibles sobre a poboación e os bens dos riscos de orixe natural, humana e tecnolóxica.
CA2.3 Analízanse, valoráronse e catalogáronse os riscos detectados nun suposto práctico.
CA2.4 Colocouse nun plano cada risco detectado, segundo o procedemento establecido.
CA2.5 Delimitáronse no plano as áreas de actuación dos grupos de intervención.
CA2.6 Enumeráronse os medios propios e alleos dun plan de emerxencias.
CA2.7 Relacionáronse os riscos catalogados coas actuacións do grupo operativo sanitario.
CA3.1 Esquemátizouse o organigrama de activación dun plan.



**Criterios de avaliación do currículo**

CA3.2 Determinouse a estrutura de coordinación dun plan.

CA3.3 Detallouse o procedemento de recepción de información.

CA3.4 Definíronse os niveis de activación dun plan.

CA3.5 Descríronse as fases de activación.

CA3.6 Informouse a poboación cos datos necesarios.

CA3.7 Descríbiuse a estrutura do plan operativo de emerxencias sanitarias.

CA4.1 Descríronse os obxectivos do equipo sanitario nun dispositivo.

CA4.2 Definíronse os compoñentes básicos dun dispositivo.

CA4.3 Enumeráronse os tipos destes dispositivos.

CA4.4 Descríbiuse a información necesaria para realizar a análise da poboación que se cubra.

CA4.5 Concretáronse os obxectivos para cubrir por un dispositivo.

CA4.6 Identificáronse acontecementos con grandes concentracións de poboación.

CA4.7 Identificáronse os riscos potenciais en grandes acontecementos.

CA4.8 Elaborouse a hipótese máis probable e a máis perigosa en diferentes acontecementos.

CA4.9 Definíronse os recursos materiais e humanos necesarios do dispositivo.

CA4.10 Descríbiuse o protocolo asistencial e de evacuación do dispositivo.

CA5.1 Definíronse os obxectivos fundamentais da fase de execución dun dispositivo.

CA5.2 Descríronse os elementos loxísticos necesarios para a execución dun dispositivo.

CA5.3 Establecéronse a estrutura, as funcións e as responsabilidades do equipo de profesionais que intervéñen na execución dun dispositivo.

CA5.4 Definíronse horarios e quendas de traballo na posta en marcha dun dispositivo.

CA5.5 Definíronse os protocolos operativos.

CA5.6 Estableceuse a uniformidade do persoal profesional que intervéñen no proceso e fixéronse as normas de disciplina internas.

CA5.7 Descríbiuse o procedemento de activación do dispositivo.

CA5.8 Desenvolveuse a fase de desactivación do dispositivo.

CA5.9 Definíronse os obxectivos xerais da desactivación.

CA5.10 Esquemátizouse o procedemento de análise do desenvolvemento do dispositivo e da elaboración da memoria.



## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Achega datos para a elaboración de plans de emerxencia tendo en conta os seus obxectivos, os seus compoñentes e as súas funcións
RA2 - Elabora mapas de risco, e caracteriza posibles riscos naturais, humanos e tecnolóxicos.
RA3 - Activa un suposto plan de emerxencias tendo en conta as súas características e os seus requisitos.
RA4 - Deseña un dispositivo de riscos previsibles e describe o protocolo de elaboración.
RA5 - Elabora un dispositivo de risco previsible suposto, e describe os seus protocolos de activación e de desactivación.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbóronse os termos risco , dano e vulnerabilidade .
CA1.2 Definiuse o plan de emerxencias.
CA1.3 Analizáronse os obxectivos xerais dun plan de emerxencias.
CA1.4 Realizouse o esquema da estrutura xeral dun plan de emerxencias.
CA1.5 Relacionouse cada estrutura xerárquica coa súa función establecida.
CA1.6 Definíronse as funcións dos órganos directivos, operativos e de apoio.
CA1.7 Concretáronse as características do grupo operativo sanitario e os requisitos na organización do transporte sanitario de persoas feridas.
CA1.8 Descríbóronse os obxectivos da actualización dun plan de emerxencias.
CA1.9 Estableceuse o procedemento de revisión e avaliación dun plan de emerxencias.
CA1.10 Fixáronse os indicadores de calidade e os resultados desexables dun plan de emerxencias.
CA2.1 Definíronse os índices de risco, de probabilidade e de dano.
CA2.2 Detalláronse as consecuencias posibles sobre a poboación e os bens dos riscos de orixe natural, humana e tecnolóxica.
CA2.3 Analizáronse, valoráronse e catalogáronse os riscos detectados nun suposto práctico.
CA2.4 Colocouse nun plano cada risco detectado, segundo o procedemento establecido.
CA2.5 Delimitáronse no plano as áreas de actuación dos grupos de intervención.
CA2.6 Enumeráronse os medios propios e alleos dun plan de emerxencias.
CA2.7 Relacionáronse os riscos catalogados coas actuacións do grupo operativo sanitario.
CA3.1 Esquematzouse o organigrama de activación dun plan.



**Criterios de avaliación do currículo**

CA3.2 Determinouse a estrutura de coordinación dun plan.

CA3.3 Detallouse o procedemento de recepción de información.

CA3.4 Definíronse os niveis de activación dun plan.

CA3.5 Descríbóronse as fases de activación.

CA3.6 Informouse a poboación cos datos necesarios.

CA3.7 Descríbiuse a estrutura do plan operativo de emerxencias sanitarias.

CA4.1 Descríbóronse os obxectivos do equipo sanitario nun dispositivo.

CA4.2 Definíronse os compoñentes básicos dun dispositivo.

CA4.3 Enumeráronse os tipos destes dispositivos.

CA4.4 Descríbiuse a información necesaria para realizar a análise da poboación que se cubra.

CA4.5 Concretáronse os obxectivos para cubrir por un dispositivo.

CA4.6 Identificáronse acontecementos con grandes concentracións de poboación.

CA4.7 Identificáronse os riscos potenciais en grandes acontecementos.

CA4.8 Elaborouse a hipótese máis probable e a máis perigosa en diferentes acontecementos.

CA4.9 Definíronse os recursos materiais e humanos necesarios do dispositivo.

CA4.10 Descríbiuse o protocolo asistencial e de evacuación do dispositivo.

CA5.1 Definíronse os obxectivos fundamentais da fase de execución dun dispositivo.

CA5.2 Descríbóronse os elementos lóxicos necesarios para a execución dun dispositivo.

CA5.3 Establecéronse a estrutura, as funcións e as responsabilidades do equipo de profesionais que intervéñen na execución dun dispositivo.

CA5.4 Definíronse horarios e quendas de traballo na posta en marcha dun dispositivo.

CA5.5 Definíronse os protocolos operativos.

CA5.6 Estableceuse a uniformidade do persoal profesional que intervéñen no proceso e fixéronse as normas de disciplina internas.

CA5.7 Descríbiuse o procedemento de activación do dispositivo.

CA5.8 Desenvolveuse a fase de desactivación do dispositivo.

CA5.9 Definíronse os obxectivos xerais da desactivación.

CA5.10 Esquemátizouse o procedemento de análise do desenvolvemento do dispositivo e da elaboración da memoria.



### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos exixibles todos os CA que figuran na programación

Cada unha das probas cualifícase entre 0 e 10 puntos, sendo preciso un mínimo de 5 puntos en cada unha delas para facer a media e obter a puntuación global da proba, que será a media aritmética de ámbalas dúas expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Criterios de cualificación:

Proba teórica: Para a súa superación, que ten carácter eliminatorio, esixírase superar o 60% da proba. A dita porcentaxe suporá unha cualificación de 5 puntos sobre 10.

Proba práctica: Para a súa superación, que ten carácter eliminatorio, esixírase superar o 50% da proba. A dita porcentaxe suporá unha cualificación de 5 puntos sobre 10.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, entre un e dez, sen decimais, redondeada á unidade máis próxima. As aspirantes deberán superar ambas as dúas probas por separado, obtendo como mínimo unha nota de 5 en cada unha delas.

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Suporá a realización dunha proba teórica que versará sobre os contidos conceptuais establecidos na programación do módulo. Consistente nunha batería de preguntas curtas e/ou de tipo test. No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas restarán a mesma porcentaxe que sumen as acertadas. As non contestadas nin suman nin restan.

Superada a primeira proba procederase a realizar a segunda parte da mesma, ésta consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos teórico-prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de 0 a 10 puntos, para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

#### 4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test e/ou pregunta curta a desenvolver que versarán sobre criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. As preguntas tipo test poderán ser de resposta única, múltiple ou verdadeiro/ falso, puntuando de xeito negativo as respostas incorrectas (As non contestadas nin suman nin restan.).

O alumnado deberá realizar a proba cun bolígrafo de tinta azul.

Non se permitirá o uso de móbiles, nin calquera outro tipo de dispositivo tecnolóxico. Os móbiles deberán estar apagados e á vista (enriba da mesa).

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.

#### 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

A segunda parte consistirá nunha proba práctica ou práctico-escrito cuxo contido versará sobre os criterios de avaliación establecidos na programación do módulo e poderá consistir en:



Exposicións orais.

Proba práctica ou práctico-escrita ou Supostos prácticos

O alumno deberá asistir a proba cun lapis, goma e bolígrafo de tinta azul para a realización da mesma.

Non se permitirá o uso de móbiles, nin calquera outro tipo de dispositivo tecnolóxico. Os móbiles deberán estar apagados e á vista (enriba da mesa).

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.